

9 DE XUÑO DE 2020

.....

ARQUIVO DE GALICIA. MEMORIA DUNHA DÉCADA


.....

#IAW2020 Empoderar sociedades do coñecemento

INTRODUCCIÓN

No ano 2010 creábase o Arquivo de Galicia como arquivo intermedio e histórico dos diferentes órganos da Xunta de Galicia ou das entidades dependentes cun ámbito territorial superior a unha provincia e como centro de referencia do Sistema de Arquivos de Galicia.

Ao longo destes dez anos o Arquivo de Galicia desenvolveu unha importante actividade en diferentes ámbitos, sempre co compromiso de velar pola consecución dunha xestión documental eficaz, capaz de garantir os dereitos e obrigas da Administración e da cidadanía e pola conservación e difusión do patrimonio documental de Galicia, unha parte fundamental da nosa memoria colectiva.



GUIÓN

Unha historia detrás

Os espazos

O equipo humano

O compromiso coa mellora da xestión e a transparencia
administrativa

O compromiso coa conservación e difusión do patrimonio
documental de Galicia

Perspectivas de futuro

UNHA HISTORIA DETRÁS



A Constitución española de 1978, ao posibilitar a creación de comunidades autónomas, configura unha nova concepción territorial do Estado e, como consecuencia, unha nova realidade arquivística construída en base á distribución de competencias entre o nivel central e as novas entidades territoriais.

O primeiro elemento sobre o que contruír este novo edificio tiña que ser necesariamente de carácter normativo.

No caso da Comunidade Autónoma de Galicia, serán o Decreto 307/1989, e a Lei 8/1995, de patrimonio cultural de Galicia os dous elementos clave da construción do sistema ata o momento da aprobación da Lei 7/ 2014, de 26 de setembro de arquivos e documentos de Galicia e da Lei 5/2016 de 4 de maio de patrimonio cultural de Galicia actualmente vixentes.

UNHA HISTORIA DETRÁS

O artigo 21 do Decreto 307/1989 prevía a creación dun Arquivo Xeral da Administración de Galicia, que tería carácter de arquivo intermedio da Xunta de Galicia e ao que lle correspondería recoller a documentación depositada nos arquivos centrais, seleccionar os documentos susceptibles de ser conservados e trasferilos a un arquivo histórico para a súa conservación permanente. Esta formalidade nunca chegou a facerse efectiva ata a creación do Arquivo de Galicia. Non obstante, na práctica, unha unidade denominada Arquivo Xeral da Xunta de Galicia comezou a súa actividade no ano 1994.



Neste ano a Consellería de Presidencia e Administración Pública dispuxo o traslado da documentación acumulada nas distintas oficinas da Administración galega a nivel central a dúas naves industriais situadas no Polígono do Tambre da cidade de Santiago de Compostela. No ano 1996 será a Consellería de Cultura quen se faga cargo da xestión deste local, e das máis de 62.000 caixas alí acumuladas (aproximadamente 9 km. de documentos) para o que creou un escaso cadro de persoal. A partir do Decreto 207/2010, do 10 de decembro, polo que se crea o Arquivo de Galicia quedan a el adscritos os medios persoais e materiais do Arquivo Xeral da Administración da Xunta de Galicia.

OS ESPAZOS



O día 11 de xaneiro de 2011 tiña lugar a inauguración oficial tanto do edificio do Arquivo de Galicia como do destinado a Biblioteca de Galicia nun acto que foi presidido polos actuais reis de España, naquel momento príncipes de Asturias. Ambos os dous foron os primeiros edificios dos que compoñen a Cidade da Cultura postos en funcionamento.

Este complexo, proxectado polo arquitecto americano Peter Eisenman e inspirado no casco histórico da cidade de Santiago de Compostela, foi declarado Patrimonio Cultural da Humanidade pola UNESCO en 1985. Crébase así o Arquivo de Galicia nun edificio emblemático para facilitar a súa visibilidade.



OS ESPAZOS

No ano 2012 a redifinición dalgúns espazos introducidos polo Plan Gaiás, levou canda sí o traslado de parte das instalacións do Arquivo ao edificio que na actualidade comparte coa Biblioteca de Galicia, mantendo na mesma ubicación o espazo destinado a depósito documental.

O depósito da Cidade da Cultura, dotado con estanterías compactas, pode aloxar aproximadamente 10 km de documentos. A suma desta infraestrutura á do Tambre proporciona ao Arquivo unha capacidade de 21 km.



O EQUIPO HUMANO

Desde o ano 2010 o Arquivo de Galicia conta cun cadro de persoal formado por arquivistas (6), persoal subalterno (3), persoal de administración (1) e unha dirección con categoría de subdirección xeral.

Con estes medios debe desenvolver os traballos propios da súa función, é dicir:

RECIBIR os documentos que ingresan por transferencia dos arquivos centrais ou doutras dependencias administrativas e aqueles outros que o fan por medio de depósitos, doazóns ou compras.



ORGANIZAR os documentos de acordo co contexto no que foron producidos e rexistrar a información que neles se contén en bases de datos, de acordo coas normas e estándares arquivísticos.



O EQUIPO HUMANO

INSTALAR os documentos en caixas ou noutros contenedores especiais, por requirimentos do tipo de soporte ou das súas dimensións, de forma que se asegure a súa conservación.



VALORAR, en función do seu valor administrativo, legal ou histórico, qué documentos son susceptibles de ser eliminados e cales deben de ser conservados.



O EQUIPO HUMANO

DETERMINAR AS CONDICIÓN DE ACCESO aos dos documentos, buscando o equilibrio entre o dereito á información e os dereitos de protección a que podan estar suxeitos (datos persoais, propiedade intelectual, secreto industrial, seguridade do Estado...)

! Descripción Condicións de acceso:

Titular dos dereitos:

Normativa:

Descripción da url:

VELAR POLA SEGURIDADE E CONSERVACIÓN dos documentos ao longo do tempo.

Almacenamiento y capacidad

Capacidad del sistema: 180TB
Espacio libre: 72%
Objetos preservados: 914

Trabajos en ejecución

Ingestión: 0 trabajos
Recuperar: 0 trabajos

Última actividad del sistema

• Ingestión:
2019-03-05 - ING0000014
2019-02-09 - ING0000008
2018-12-04 - ING0000006

Tareas activas

Sin tareas activas

Catálogo - Detalles de objeto

Archivos, carpetas, detalles de metadatos, salud e historial del objeto.

Por favor, recuerde que la información mostrada en esta página varía en función del plan de preservación de cada objeto. Los objetos relacionados, se muestran en función de los permisos de acceso del usuario.

Información general



Nombre y versión de objeto	adgd2017 Grupo de
LUOI	14.0
Fecha y hora de creación	2019-03-0
Área y plan de preservación	Área: Mer v01.00
Trabajo de ingestión	ING00000
Creador	Oficina de



O EQUIPO HUMANO

PRESTAR UN SERVIZO DE INFORMACIÓN ÁXIL E EFICAZ, tanto a Administración como á cidadanía en xeral, de forma directa ou a distancia.



COORDINAR PROGRAMAS DE DIXITALIZACIÓN do patrimonio documental de Galicia para a súa difusión e conservación.



O EQUIPO HUMANO

PROMOVER A FORMACIÓN PERMANENTE DOS PROFESIONAIS mediante a organización e participación en cursos, xornadas, conferencias ou congresos.



ACERCAR O ARQUIVO Á SOCIEDADE a través de actividades de difusión dirixidas ao público en xeral ou a colectivos específicos.



O COMPROMISO COA MELLORA DA XESTIÓN E A TRANSPARENCIA ADMINISTRATIVA

Os ingresos de documentos da Xunta

Un dos elementos fundamentais dos sistemas autonómicos de arquivos creados a partir da configuración do Estado das automomías foi a creación dunha rede de centros dotados para poder xestionar adecuadamente o volume documental producido. Seguindo a teoría do ciclo vital dos documentos, deberían pasar por diferentes fases: dos arquivos de oficina aos arquivos centrais de departamento, e de aquí ao arquivo intermedio para, finalmente, rematar no arquivo histórico tan só aqueles documentos que se determinase que é necesario conservar.

A día de hoxe a Xunta de Galicia tan só conta con tres arquivos centrais de departamento no nivel de servizos centrais.

En 2010 realizouse unha enquisa para coñecer o volume documental acumulado polas diferentes consellerías e órganos dependentes que permitiu estimar nuns 50 km. os documentos acumulados polas distintas dependencias da Xunta de Galicia. Na realizada no ano 2019 o resultado foi de 59 km, moitos dos cales están sen control arquivístico adecuado.

Na actualidade o Arquivo de Galicia custodia máis de 10 km de documentos producidos polas diferentes unidades administrativas da Xunta de Galicia a nivel central.




O COMPROMISO COA MELLORA DA XESTIÓN E A TRANSPARENCIA ADMINISTRATIVA

O impulso do desenvolvemento normativo

Desde o ano 2010 o Arquivo de Galicia impulsou e participou na elaboración de normas de diferente rango encamiñadas a facilitar o desenvolvemento das actividades realizadas nos diferentes arquivos do sistema cuns criterios comúns e coordinados, e a dar respaldo xurídico e facilitar a difusión da actividade destes centros.

O fito máis importante neste ámbito foi o impulso e participación nun moi longo proceso que finalmente rematou coa publicación da Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia coa que se pretendía dispoñer dunha ferramenta que, polo seu rango normativo, favorecese o establecemento dun, ata o momento, precario sistema de arquivos e abordase temas cruciais como o da Administración electrónica.

Con posterioridade á Lei, e de acordo cos seus preceptos creáranse o Consello de Avaliación Documental de Galicia e o Consello de Arquivos de Galicia, dous órganos colexiados fundamentais para a xestión documental na Comunidade autónoma



O COMPROMISO COA MELLORA DA XESTIÓN E A TRANSPARENCIA ADMINISTRATIVA

A participación en órganos colexiados para a xestión documental

No **Consello de Arquivos de Galicia** están representados tanto os arquivos do Sistema de arquivos de Galicia como colectivos profesionais. **A súa función é pronunciarse sobre** o contido das normas técnicas, a integración de arquivos no sistema, o réxime de protección dos bens que formen parte do patrimonio documental de Galicia ou, en xeral, sobre **calquera cuestión que incida no mellor funcionamento dos arquivos de Galicia.**

No **Consello de Avaliación Documental de Galicia** están representados todos os órganos que integran o Sistema de Arquivos de Galicia. **Ten como finalidade pronunciarse sobre** os estudos previamente realizados polos arquivistas nos que se analizan **cuestións tan fundamentais como as relacionadas co acceso e a determinación dos documentos que poden ser destruídos unha vez finalizado o seu valor administrativo e dos que deben ser conservados** pola súa importancia para acreditar deberes ou dereitos ou para a historia (política, económica, artística, científica...)



O COMPROMISO COA MELLORA DA XESTIÓN E A TRANSPARENCIA ADMINISTRATIVA

A colaboración no desenvolvemento da Administración electrónica

No ano 2010 a Xunta de Galicia publica o Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Neste mesmo ano publícase o Estudo orgánico e funcional da Xunta de Galicia: Proposta dun cadro de clasificación, ferramenta esencial para o desenvolvemento dun sistema de xestión de documentos electrónicos de arquivo. Con esta publicación decisiva o arquivo:

Inicia un proceso de estreita colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e a Dirección Xeral de Avaliación e Refoma Administrativa, no desenvolvemento da Administración electrónica da Xunta de Galicia

Participa activamente na posta en marcha do proxecto ARPAD (2012), unha estrutura tecnolóxica e organizativa para a xestión de documentos electrónicos producidos polo sector público autonómico e tamén das copias dixitalizadas de patrimonio documental custodiado nos arquivos.





O COMPROMISO COA CONSERVACIÓN E DIFUSIÓN DO PATRIMONIO DOCUMENTAL DE GALICIA

Ingresos doutros fondos

Como centro conservador do patrimonio histórico, o Arquivo ten encomendada a función de recibir calquera fondo de carácter público ou privado de interese xeral para a comunidade autónoma que se acorde depositar nel.

No ano 2011 recíbense as dúas primeiras doazóns: o arquivo da Familia Vilariño Pintos e o do avogado compostelán Clemente González Péon. A partir deste momento ingresarán no centro, ben por doazón, depósito ou compra, outros arquivos persoais, familiares, empresariais ou de institucións de interese para o coñecemento e difusión da historia e cultura de Galicia.




O COMPROMISO COA CONSERVACIÓN E DIFUSIÓN DO PATRIMONIO DOCUMENTAL DE GALICIA

Os plans de dixitalización

Coordinar os programas de reprodución con fins de conservación de fondos do patrimonio documental de Galicia é outra das funcións que o Arquivo de Galicia ten encomendadas.

Desde os seus comezos o Arquivo fixou uns criterios técnicos para a súa realización, acordes coas normas internacionais e nacionais, e elaborou documentos formalizados como estándares técnicos ou guías que proporcionasen información sobre as condicións nas que debían realizarse para facilitar a súa difusión a través de recolectores e agregadores de información nacionais ou internacionais.

Froito da colaboración con outras institucións e grazas ao impulso de proxectos europeos como Arpad, Geoarpad ou Memoria Dixital de Galicia executáronse proxectos diversos tanto en arquivos dependentes da Xunta de Galicia (arquivos históricos provinciais de Lugo, Ourense e Pontevedra, Arquivo do Reino de Galicia e Arquivo de Galicia) como nos doutras administracións e entidades galegas, tanto públicas como privadas na procura dunha maior difusión dos fondos que custodian, garantizando ao mesmo tempo a súa preservación.



O COMPROMISO COA CONSERVACIÓN E DIFUSIÓN DO PATRIMONIO DOCUMENTAL DE GALICIA

Galiciana. Arquivo Dixital de Galicia e Galiciana. Patrimonio Dixital de Galicia

Galiciana. Arquivo Dixital de Galicia é unha plataforma coordinada polo Arquivo de Galicia que permite a consulta a través dun punto único tanto de documentos con obxectos dixitais asociados como aqueloutros non dixitalizados de arquivos integrados no Sistema de Arquivos de Galicia

En atención ao seu valor para a historia, o patrimonio e a cultura de Galicia e sempre que non conteñan datos protexidos pola lexislación vixente o número de imaxes incrementase constantemente a través dos proxectos de dixitalización.

Galiciana. Arquivo Dixital de Galicia se integra a súa vez en Galiciana. Patrimonio Dixital de Galicia, un proxecto no que participan outras institucións da memoria da Comunidade, e que a converte no maior directorio e recolector de patrimonio cultural de Galicia e en agregador dos obxectos dixitais a outros proxectos nacionais ou internacionais como Hispana ou Europeana.

[Accesibilidade](#) | [Mapa do portal](#) | [Contacto](#)



**ARQUIVO DIXITAL
DE GALICIA**

[Galego](#) | [Castellano](#) | [Portugués](#)



**XUNTA
DE GALICIA**

[Inicio](#) ▾

[Consulta](#) ▾

[Arquivos](#)

[Destacados](#)

[Usuarios](#) ▾

[Procura](#)



[Arquivo de Galicia](#)



[Arquivo do Reino de Galicia](#)



[Arquivo da Real Academia Galega](#)



[Arquivo da Fundación Penzol](#)

O COMPROMISO COA CONSERVACIÓN E DIFUSIÓN DO PATRIMONIO DOCUMENTAL DE GALICIA


GALICIANA. ARQUIVO DIXITAL DE GALICIA

Permite a consulta a través dun punto único tanto de documentos que teñan obxectos dixitais asociados como aqueloutros non dixitalizados de arquivos como o Arquivo de Galicia, os arquivos históricos xestionados pola Xunta de Galicia, os de administracións locais, de centros docentes, de institucións e organismos culturais e sindicais de interese para Galicia e de institucións eclesiásticas.


Na actualidade están integrados na plataforma un total de 53 que poñen a disposición dos usuarios calquera clase de documentos, tanto textuais como cartográficos, iconográficos ou audiovisuais que formen parte do patrimonio documental galego, desde o século IX ata os nosos días, e non conteñan datos protexidos pola lexislación vixente.

No que se refire ao Arquivo de Galicia, nestes últimos anos incrementou de forma importante a súa achega ao Arquivo Dixital, cos seguintes resultados:

Rexistros descritivos



Imaxes



O COMPROMISO COA CONSERVACIÓN E DIFUSIÓN DO PATRIMONIO DOCUMENTAL DE GALICIA


As exposicións

A partir do século XX os arquivos engaden unha función cultural ás funcións anteriormente desenvolvidas. Este anhelo por difundir e achegar a cultura a toda a cidadanía é un signo das sociedades desenvolvidas e democráticas.

No ano 2013 o Arquivo organiza a súa primeira exposición, titulada **Patrimonio documentado**. Pretendía chamar a atención sobre o feito de que a actividade dos poderes públicos se materializa nos documentos que xenera e que este patrimonio documental convértese no contrapunto doutro patrimonio moito máis visible, o patrimonio construído. Tamén quería resaltar a actuación da Administración en relación co patrimonio cultural desde o século XIX ata a actualidade.

A partir deste momento o Arquivo non deixou de cumprir este compromiso coa sociedade difundindo novos ingresos ou sumándose á celebración de eventos que contribúen a facer público o patrimonio custodiado.

Neste sentido cómpre destacar a serie de exposicións **Mulleres sobranceiras** que dende a ano 2016 organiza o centro na celebración do Día Internacional da Muller.



Mulleres sobranceiras.
A MEMORIA CONSERVADA:
Un mar de mulleres

EXPOSICIÓN DO
ARQUIVO DE GALICIA


O COMPROMISO COA CONSERVACIÓN E DIFUSIÓN DO PATRIMONIO DOCUMENTAL DE GALICIA

As publicacións

Na busca dunha dunha maior permanencia da información, o Arquivo publicou nestes dez anos textos de carácter divulgativo e outros de contido máis técnico

As exposicións acompañanse da publicación de folletos informativos ou de catálogos máis exhaustivos para o coñecemento do tema elixido.

Neste sentido debemos mencionar os catálogos das exposicións Patrimonio Documentado ou Paisaxe e Patrimonio. Un percorrido polo territorio a través do Arquivo de Galicia, nos que a participación de profesionais diversos achegan os seus coñecementos e reflexións sobre diferentes aspectos de cada realidade.



O COMPROMISO COA CONSERVACIÓN E DIFUSIÓN DO PATRIMONIO DOCUMENTAL DE GALICIA

O apoio á formación de profesionais

O Arquivo de Galicia ten un compromiso coa formación de novos arquivistas ou co intercambio de ideas e reflexións dos profesionais de diferentes ámbitos arxivísticos.

No ano 2010, coa finalidade de dar a coñecer o Arquivo e de reflexionar sobre os retos que supoñen o desenvolvemento da Administración Electrónica e a conservación do patrimonio documental dixitalizado de forma masiva organizase un seminario internacional.

Baixo o lema *O futuro da memoria: o patrimonio arxivístico dixital* invitouse a participar nel a un importante número de especialistas españois, portugueses, americanos e doutras partes do mundo, desenvolvendo un programa no que se combinaron temas eminentemente teóricos ou conceptuais sobre a propia natureza dos documentos electrónicos e a súa produción nos novos entornos con outros sobre os problemas que a súa valoración, selección e conservación xer a os que compre abordar desde un punto de vista ético, xurídico ou educativo.



O COMPROMISO COA CONSERVACIÓN E DIFUSIÓN DO PATRIMONIO DOCUMENTAL DE GALICIA

O apoio á formación de profesionais

O Arquivo de Galicia ten un compromiso coa formación de novos arquivistas ou co intercambio de ideas e reflexións dos profesionais de diferentes ámbitos arquivísticos.

Dende entón o Arquivo celebrou novos cursos e xornadas de ámbito galego, dirixidos tanto a persoal técnico como a persoas interesadas na materia: *Os arquivos e a información nos medios sociais*, *Os Dereitos de propiedade intelectual nos arquivos*, *Recursos arquivísticos en internet*, *Modelo Conceptual de Descrición Arquivística e sistemas de descrición multi-entidade*, *A descrición normalizada de Autoridades nos arquivos*, *Metodoloxía de traballo, procedementos e prácticas da Identificación e Avaliación documental* ou a Xornada *Os documentos catastrais como fonte de información*. O Proxecto de dixitalización *Geoarpad* e a súa difusión a través de *Galicianana. Arquivo Dixital*, celebrada no ano 2019, son algúns exemplos.

A formación de novos arquivistas explíctase nos convenios de colaboración coas universidades galegas para a recepción de alumnos en prácticas ou na tutela de bolseiros beneficiarios dos programas da Xunta de Galicia.



O COMPROMISO COA CONSERVACIÓN E DIFUSIÓN DO PATRIMONIO DOCUMENTAL DE GALICIA

Outras actividades de divulgación

Outras actividades de divulgación realizadas de forma habitual no centro son as visitas dirixidas, as unidades didácticas, obradoiros ou interacción cos cidadáns a través das redes sociais...

Destacamos a estreita colaboración con algúns departamentos da Universidade de Santiago de Compostela interesados en familiarizar aos seus alumnos coas técnicas de arquivo ou a utilización dos seus documentos como fontes de interese para o seu ámbito do coñecemento.

Outro evento destacable foron os obradoiros dirixidos a todo tipo de público no marco da exposición Memorias de Familia.

Por último, non podemos deixar de mencionar que o portal de Arquivos, actualmente en fase de renovación constitúe unha unha ventá aberta de forma permanente á sociedade e que a actividade nas redes sociais é unha das principais ferramentas para establecer un diálogo constante coa cidadanía.




A MODO DE CONCLUSIÓN: CALES SON AS NOSAS PERSPECTIVAS DE FUTURO?

Lograr unha maior
VISIBILIDADE do
Arquivo e das funcións
que desenvolve dentro
da propia organización,
para mellorar a xestión
documental.



Ampliar a súa
capacidade para
PROTEXER e **DIFUNDIR**
o patrimonio cultural
galego.



Mellorar a
COOPERACIÓN
Interinstitucional e as
canles de participación
e colaboración social.

